

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

| Código   | Centro     | Concello | Ano académico |
|----------|------------|----------|---------------|
| 15021469 | CIFP Leixa | Ferrol   | 2025/2026     |

**Ciclo formativo**

| Código da familia profesional | Familia profesional                    | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo    | Grao                               | Réxime                |
|-------------------------------|--|---------------------------|--------------------|------------------------------------|-----------------------|
| SSC                           | Servizos socioculturais e á comunidade | CSSSC02                   | Integración social | Ciclos formativos de grao superior | Réxime de proba libre |

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

| Código MP/UF | Nome                  | Curso     | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|-----------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0340       | Mediación comunitaria | 2025/2026 | 0                | 139          | 0              |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

|                                |                          |
|--------------------------------|--------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | PILAR RAMALLAL FERNÁNDEZ |
| Outro profesorado              |                          |

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo   |
|--|
| RA1 - Planifica intervencións de mediación en relación cos contextos en que se desenvolven                     |
| RA2 - Organiza actuacións para a prevención de conflitos, para o que selecciona as estratexias de intervención |
| RA3 - Realiza actividades que favorecen os procesos de mediación e describiuse o desenvolvemento destes        |

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

| Criterios de avaliación do currículo  |
|---|
| CA1.1 Seleccionáronse os obxectivos da intervención partindo das características do contexto  |
| CA1.2 Valorouse a importancia da planificación no proceso de intervención   |
| CA1.4 Deseñáronse actividades de encontro atendendo ás necesidades detectadas nas persoas usuarias potenciais   |
| CA1.5 Identificáronse os/as mediadores/as naturais como axentes posibilitadores de intercambio de comunicación  |
| CA1.6 Creáronse ou revitalizáronse espazos de encontro entre individuos, grupos e entidades cuxas relacións sexan susceptibles de derivar en conflito |
| CA1.7 Valorouse a coherencia da planificación das actividades cos obxectivos previstos na intervención  |
| CA1.8 Detectáronse situacións de violencia de xénero e deriváronse as persoas afectadas aos recursos específicos neste ámbito                         |
| CA2.1 Interpretáronse os fundamentos dos modelos de intervención  |
| CA2.2 Identificáronse as principais estratexias de intervención na xestión de conflitos   |

| <b>Criterios de avaliación do currículo</b>   |
|---|
| CA2.3 Seleccionáronse os modelos e as técnicas que se vaian empregar no proceso de mediación de acordo co coñecemento da situación previa       |
| CA2.4 Seguíronse criterios de confidencialidade e respecto no tratamento da información sobre o conflito  |
| CA2.5 Planificouse o encontro inicial coas partes potenciando o diálogo e a confianza   |
| CA2.6 Seleccionáronse os espazos atendendo ás características dos participantes   |
| CA2.7 Ofreceuse o servizo de mediación voluntaria como unha opción na xestión de conflitos  |
| CA3.1 Adecuáronse ou modificáronse os espazos adaptándose ás necesidades da intervención  |
| CA3.2 Comunicóuselles a situación do lugar de encontro a todas as persoas usuarias potenciais   |
| CA3.4 Aplicáronse técnicas para manter un clima de serenidade no proceso de mediación   |
| CA3.5 Transmitíuselles información ás partes implicadas no proceso de mediación sobre as fases deste, para o seu coñecemento e a súa aceptación |
| CA3.6 En caso necesario, deriváronse as partes en conflito a outros servizos da comunidade  |
| CA3.7 Redactáronse os acordos por escrito e facilitáronselles ás partes para a súa posterior confirmación                                       |
| CA3.8 Amosouse iniciativa ante as situacións xurdidas no desenvolvemento da intervención  |

## **2.2. Segunda parte da proba**

### **2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| <b>Resultados de aprendizaxe do currículo</b>  |
|--|
| RA1 - Planifica intervencións de mediación en relación cos contextos en que se desenvolven                     |
| RA2 - Organiza actuacións para a prevención de conflitos, para o que selecciona as estratexias de intervención |
| RA3 - Realiza actividades que favorecen os procesos de mediación e describiuse o desenvolvemento destes        |
| RA4 - Realiza actividades de avaliación comparando os resultados da intervención cos obxectivos previstos      |

**2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación do currículo  |
|---|
| CA1.3 Deseñáronse actividades ou obradoiros favorecedores da comunicación   |
| CA2.8 Valorouse o contraste de opinións e o intercambio de experiencias de todas as persoas participantes na organización da intervención |
| CA3.3 Empregáronse as técnicas de comunicación para favorecer o diálogo e a relación das partes implicadas                                |
| CA4.1 Establecéronse os criterios e os indicadores para levar a cabo a avaliación   |
| CA4.2 Definíronse as estratexias para comprobar os resultados da intervención realizada   |
| CA4.3 Seleccionáronse as técnicas e os instrumentos para avaliar a intervención realizada   |
| CA4.4 Comprobase sistematicamente que a intervención se estea a realizar correctamente  |
| CA4.5 Comprobase a funcionalidade e a adecuación dos espazos e dos recursos empregados  |
| CA4.6 Implicáronse as persoas que participaran na intervención na comprobación dos seus resultados  |
| CA4.7 Comprobase o nivel de cumprimento dos obxectivos previstos  |
| CA4.8 Valorouse a importancia de manter unha actitude permanente de mellora na eficacia e na calidade do servizo                          |

**3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

A presente programación para o módulo de Mediación Comunitaria foi realizada atendendo ao establecido no Decreto 73/2016, do 28 de abril, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnica/o superior en Integración Social. Todos os criterios de avaliación se consideran mínimos exixibles para a presente programación.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.**

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

**- PRIMEIRA PARTE DA PROBA. TEÓRICA. UD1.**

Segundo o artigo 13.3 a) da Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de Formación Profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a primeira parte da proba terá carácter eliminatorio, polo que será imprescindible superala para acceder á 2ª parte da proba.

A 1ª parte estará constituída por preguntas tipo test, preguntas curtas, preguntas de verdadeiro ou falso e preguntas de resposta a desenvolver e que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta primeira parte da proba.

Disporase dun tempo máximo de 120 minutos para responder a todas as preguntas.

A puntuación de cada pregunta indicárase no enunciado da proba.

Superarase esta proba cun mínimo de puntuación de 5 sobre 10.

Non se redondearán notas por debaixo de 5. En caso de superar o 5 redondearase á alza aquelas notas que acaden a centésima 0.6 ou máis.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun 0 na segunda parte da proba a efectos de calcular a cualificación final da proba libre.

**- SEGUNDA PARTE DA PROBA. PRÁCTICA. UD2.**

Consistirá na resolución por parte da persoa aspirante de varias tarefas/supostos prácticos de carácter escrito, nas que se amose un dominio dos criterios de avaliación relacionados coa parte práctica do módulo, e que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta segunda parte.

Disporase dun tempo máximo de 120 minutos para dar resposta a todas as cuestións.

A persoa aspirante deberá realizar con suficiente corrección cada un dos supostos prácticos vinculados aos criterios de avaliación para superar esta parte da proba. No caso de superar todas as propostas prácticas cunha nota de 5 ou máis, a cualificación final desta parte resultará do cálculo da media aritmética de cada unha das propostas de avaliación. No caso de non acadar o 5 nalgún dos supostos prácticos e/ou probas de execución práctica a persoa candidata non acadará o 5 na cualificación global da segunda parte da proba en ningún caso.

Non se redondearán notas por debaixo de 5. En caso de superar o 5 redondearase á alza aquelas notas que acaden a centésima 0.6 ou máis.

Segundo o artigo 14.2 da Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de Formación Profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no caso das persoas aspirantes que non superen a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de 4 puntos.

Terase en conta o uso e dominio do vocabulario específico do módulo en cada unha das partes.

**CALCULO DA NOTA FINAL DO MÓDULO**

Superarase esta proba libre do módulo profesional de MC cun mínimo de puntuación de 5 sobre 10. A nota final será o resultado da media aritmética de ambas probas expresada con números naturais enteiros, entre 1 e 10. Só se fará media de cualificacións nas diferentes partes obtendo unha cualificación de 5 ou máis en cada parte. Non se redondearán notas por debaixo de 5. En caso de superar o 5 redondearase á alza aquelas notas que acaden a centésima 0.6 ou máis.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte da proba estará constituída por preguntas tipo test, preguntas de resposta curtas, preguntas de verdadeiro ou falso e preguntas a desenvolver e que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta primeira parte da proba.

Disporase dun tempo máximo de 120 minutos para responder a todas as preguntas.

A puntuación de cada pregunta será indicada no enunciado da proba. No caso das preguntas tipo test e verdadeiro falso, o criterio será que cada dous erros, descuentan un acerto.

Cuestións prácticas:

Tense en conta o vocabulario técnico do módulo.

Para a realización da proba só será necesario un bolígrafo de cor azul ou negro.

A persoa candidata acreditará a súa identidade con documento oficial.

Non se admitirá o uso de ningún aparato electrónico ou de comunicación co exterior dende o inicio de cada unha das probas, incluído o chamamento, e ata o remate das mesmas, salvo expresa indicación notificada previamente do profesorado responsable. Isto inclúe teléfonos móbiles (que non poderán ser empregados como reloxo), tabletas dixitais, ou calquera outro dispositivo.

Unha vez iniciadas as probas escritas as persoas candidatas agardarán un mínimo de 15 minutos antes de poder abandonar a aula na que se estea a realizar, e entregarán a proba asinada ao profesorado responsable.

Non se poderá retirar da aula ningunha copia da proba nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización da mesma.

Será excluída calquera persoa aspirante que leve a cabo acción de tipo fraudulento ou non cumpla as normas de prevención, protección e seguridade durante a realización das probas. Neste caso a cualificación será de 0.

##### 4.b) Segunda parte da proba

A segunda parte da proba consistirá na resolución por parte da persoa aspirante de varios supostos prácticos de carácter escrito e/ou probas de execución práctica, nas que se amose un dominio adecuado dos criterios de avaliación relacionados coa parte práctica do módulo, e que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta segunda parte.

A persoa aspirante deberá realizar con suficiente corrección cada un dos supostos prácticos ou probas de execución práctica vinculadas aos criterios de avaliación para superar esta parte da proba, polo que serán avaliados por separado. No caso de superar todas as propostas prácticas cunha nota de 5 ou máis, a cualificación final desta parte resultará do cálculo da media aritmética de cada unha das propostas de avaliación.

No caso de non acadar o 5 nalgún dos supostos prácticos e/ou probas de execución práctica a persoa candidata non acadará o 5 na cualificación global da segunda parte en ningún caso.

Cuestións prácticas:

Tense en conta o vocabulario técnico do módulo.

Para a realización da proba só será necesario un bolígrafo de cor azul ou negro.

A persoa candidata acreditará a súa identidade con documento oficial.

Non se admitirá o uso de ningún aparato electrónico ou de comunicación co exterior dende o inicio de cada unha das probas, incluído o chamamento, e ata o remate das mesmas, salvo expresa indicación notificada previamente do profesorado responsable. Isto inclúe teléfonos móbiles (que non poderán ser empregados como reloxo), tabletas dixitais, ou calquera outro dispositivo.

Unha vez iniciadas as probas escritas as persoas candidatas agardarán un mínimo de 15 minutos antes de poder abandonar a aula na que se estea a realizar, e entregarán a proba asinada ao profesorado responsable.

Non se poderá retirar da aula ninguna copia da proba nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización da mesma.

Será excluída calquera persoa aspirante que leve a cabo acción de tipo fraudulento ou non cumpla as normas de prevención, protección e seguridade durante a realización das probas. Neste caso a cualificación será de 0.